


Nesta cuarta entrega da serie, Frank Soutelo –detective en Los Angeles, fillo de emigrantes– afástase dos cinematográficos escenarios californianos onde se desenvolveran as súas anteriores peripecias e viaxa a Galicia. En 2006, o lume arrasa o país e xurden toda sorte de teorías conspiratorias que apuntan tanto a grupos inmobiliarios como aos propios ecoloxistas. Soutelo, educado na morriña dos recordos paternos e as estampas dos cromos antigos, non deixa de entristecerse e de estrañarse ante ese afán de destruír a paisaxe patria a golpe de ladrillos e de lume, dous elementos que serán, precisamente, as claves da trama criminal, motivada por intereses perversos, na que o detective se verá involucrado cando, por compromiso, acepte investigar a morte dun mozo.

A novela, que incide menos na dedución intelectual que no proceso práctico e activo da investigación –o que, por certo, inclúe un notable dinamismo xeográfico, se cadra para compensar un argumento pouco trepidante–, reflicte todos os tópicos do *noir*, sublinados abertamente coa coartada da parodia e adobiados con manierismos galaicos: desde o carácter do detective –home desengañado, exiliado no gume da Lei e da Xustiza, proclive a empregar métodos pouco ortodoxos se a situación o esixe, e mais cun punto misóxino

Co sabor do *noir*

Frank Soutelo entre nós

DOLORES MARTÍNEZ TORRES



que, de certo, non lle impide enredarse en altas tensións sexuais– ata o retrato crítico e contemporáneo, en gama de grises, dunha sociedade

de moral dubidosa, onde por ideoloxía ou por vinganza, ou por desmedida cobiza, hai quen, sen remorsos, decide ultrapasar fronteiras do crime. Tampouco falta un contrapunto de humor (con recursos se cadra algo irritantes, coma os parlamentos da tía muradá) nesta novela con vocación de pasatempo lixeiro, da que, persoalmente, destacaría se acaso a decisión final, por parte de Soutelo, de exercer iso que Holmes chama-ba “a vantaxe de ser un detective”.

Canto á linguaxe, e se ben as convencións do xénero invitan a agardar un estilo coloquial, raramente esteticista, cabe sinalar que

*A novela reflicte todos os
tópicos do xénero
detectivesco*

algunhas frases amosan unha sintaxe e unha puntuación, cando menos, relaxadas, e mesmo, ás veces, un desleixo na redacción que se me antolla excesivo (refrírome, por exemplo, a expresións coma esta, tomada da páx. 137, difíciles de crer en sentido literal: “...dixolle á Primitiva, que limpaba sentada nos vasos xa usados...”). Aínda así, e máis aló de manías de filólogos, seguro que a obra ha gustarlles aos seguidores da serie.

FERNÁNDEZ, Miguel Anxo, *Lume de cobiza*, Ed. Galaxia, Vigo, 2011, PVP 19, 50 €